



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Decreto da Alcaldía do 4 de agosto de 2016

Visto o expediente en trámite para a contratación da obra denominada “**MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE COTOBADE**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Sergio Daniel Orosa López., por importe total de 82411,89 € (68109,00 € e 14302,89 € de IVE)

Vista as resolucións desta Alcaldía de data 18.07.2016, na que se aproba o prego de cláusulas que elixe como sistema de selección do contratista, ó procedemento aberto, tramitación urxente, optando pola celebración de mesa de contratación coa seguinte composición:

“16.Mesa de Contratación:

A Mesa de Contratación estará integrada de modo seguinte:

Presidente: O da Corporación, ou membro en quen delegue

Vocais:

- Un representante do grupo municipal do PSOE.
- A Interventora de Fondos do Concello.
- O Secretario do Concello.
- Un técnico a designar pola alcaldía.

Secretario: Un funcionario adscrito ao departamento de Secretaría.”

Rematando o prazo de presentación de ofertas o día 4 de Agosto, e visto o previsto na cláusula 16 do prego, e en uso das facultades que me confire a normativa vixente, esta Alcaldía **RESOLVE**:

PRIMEIRO: Convocar Mesa de Contratación encargada da apertura da documentación administrativa das ofertas presentadas polo licitadores, o vindeiro martes 9 de agosto de 2016, a partir das 12 horas no salón de sesións da Casa Consistorial, coa seguinte composición:

Presidente: D. Jorge Cubela López (Alcalde)

Vocais: D^a Sonia David Cortegoso (Interventora da Corporación)

D^a Luisa Rodríguez Lois (Secretario da Corporación)

D^a Lina Garrido Garrido (Concelleira do PSdG-PSOE) ou concelleiro en quen delegue.

D. José Luís Barros Sousa (Arquitecto Técnico Municipal).

Secretario: D^a Alejandra Rodríguez Cortegoso (funcionaria da Corporación)





CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

SEGUNDO: Convocar Mesa de Contratación que celebrará a súa sesión pública de apertura de ofertas económicas, o vindeiro xoves 11 de agosto de 2016, a partir das 11 horas no salón de sesións da Casa Consistorial.

TERCEIRO: Dar traslado da presente ós membros da Mesa de Contratación e publicar no perfil do Contratante.

CUARTO: Dar conta ó Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde en Cotobade, a 4 de agosto de 2016. Ante min o Secretario.
Dou fe.

O Alcalde

Jorge Cubela López

O Secretario

Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor

